Foro económico de Galicia

Informe de Conxuntura socioeconómica

IV / 2022

Fernando González Laxe (coord.)
José Francisco Armesto Pina
Patricio Sánchez Fernández
Santiago Lago Peñas

www.foroeconomicodegalicia.es

ASPECTOS SALIENTABLES

1. Nun contexto internacional caracterizado por un elevado grado de incerteza, o mantemento de importantes tensións xeopolíticas, altos niveis de prezos e o incremento das taxas de xuro, a actividade económica de Galicia presenta no terceiro trimestre do ano unha significativa ralentización no seu ritmo de crecemento. O PIB medra un 2,5% respecto ao ano anterior, case dous puntos menos que no conxunto do Estado (4,4%), sendo este incremento similar ao experimentado no conxunto da UE e lixeiramente superior ao da zona euro (2,3%). En termos intertrimestrais, a UE e as principias economías europeas presentan taxas positivas de crecemento, sendo 0 en Galicia. Tras esta evolución, a Comunidade Autónoma mantense tan só tres décimas por baixo do nivel precrise, situándose este diferencial en 1,4 puntos no conxunto do Estado, o que contrasta co acontecido no conxunto da UE e da zona euro que xa o tiñan superado.

2. O devandito crecemento agregado do PIB galego explícase pola achega positiva da demanda externa (4,6 puntos), o que contrasta coa demanda interna, que detrae 2,1 puntos. Mentres tanto, a economía de España presenta un crecemento máis equilibrado, sendo a achega positiva da demanda externa de 3,5 puntos e de 0,9 puntos no caso da demanda interna.

3. No que atinxe aos diferentes compoñentes da demanda, os diferentes agregados recollidos no cadro macroeconómico presentan unha peor evolución que no conxunto do Estado, o que explica o devandito diferencial de crecemento. Dunha banda, o gasto en consumo final, tanto público como privado, contráese en Galicia fronte ao incremento do gasto total final e privado en España, sendo a caída do gasto público significativamente superior. En Galicia o gasto dos fogares contráese un 1,2% fronte ao 6,7% do público. No caso do investimento, este aumenta en Galicia un 0,5%, o que supón dous puntos menos que en España. No caso do sector exterior, o dinamismo exportador reflíctese nunha medra do 8,1% en Galicia fronte ao 18,8% en España, permanecendo practicamente constante as importacións (medran un 9% no Estado).

4. Dende o lado da oferta, o crecemento do PIB en Galicia explícase tanto polo comportamento do sector da construción, como en moita menor medida polo dinamismo do sector servizos, impulsado pola evolución das ramas comerciais, transporte e hostalería. Isto contrasta coa contracción da actividade produtiva experimentada polo sector primario e industrial, permanecendo constante a actividade da construción. Comparado co cadro macroeconómico da economía española, os catro grandes sectores e as principais ramas de actividade presentan en España un mellor comportamento, destacando o crecemento industrial en contraposición á caída rexistrada na C.A..

5. A ralentización da actividade económica trasládase o mercado de traballo, que se caracteriza por unha moderación no dinamismo da ocupación. Con carácter xeral, a creación de emprego centrouse nas mulleres, no sector da construción, nos asalariados no sector privado, nas persoas con estudios superiores, con idades comprendidas entre 45-54 anos. Fronte a esta evolución, redúcese o emprego no sector industrial e primario, nos traballadores por conta propia e nos asalariados públicos, así como entre aqueles con estudios secundarios e cunha idade entre 35-44 anos. Cómpre insistir unha vez máis en que a creación de emprego rexístrase como maior intensidade en España que na C.A. así como que Galicia mantense entre as CC.AA. con taxas de actividade e ocupación máis reducidas

6. En canto á evolución do desemprego, a taxa de paro en Galicia redúcese ata o 10,8%, case dous puntos menos que no conxunto do Estado (12,7%), o que a mantén nunha posición intermedia respecto ao resto das CC.AA.. As taxas de paro reflicten que o desemprego segue a afectar en maior medida ao desemprego feminino que ao masculino, sendo as persoas menores de 25 anos, estranxeiros e con estudios primarios os colectivos máis afectados polo desemprego. É importante mencionar que, por terceiro trimestre consecutivo, redúcese o número de persoas que levan máis de doce meses en situación de desemprego, situándose o seu peso relativo no 36,9% do paro total, case catro puntos menos que no ano anterior.

7. O Índice de Competitividade Regional sitúa a Galicia nun nivel de competitividade relativo medio baixo, se ben o entorno institucional (eixo 4) rexistra un nivel alto en contraposición co acontecido coas infraestruturas básicas (eixo 5) e a eficiencia empresarial (eixo 6). En termos dinámicos, Galicia presenta un crecemento moderado, correspondendo as achegas máis positivas ao coeficiente de apertura externa (eixo 1), uso de Internet, formación de adultos e abandono escolar temperá (eixo 4), parque de vehículos ecolóxicos (eixo 5), dinamismo empresarial (eixo 6), gasto en I+D empresarial e comercio electrónico (eixo 7). Pola contra, as contribucións máis negativas corresponden á taxa de aforro (eixo 1), delitos (eixo 4) e mulleres empregadoras (eixo 6).

8. Competitividade e dixitalización presentan unha relación positiva e significativa. Atendendo a 16 indicadores que fan referencia á conectividade, capital humano e uso das TIC, Galicia sitúase como a Comunidade Autónoma con menor grado de dixitalización segundo o Informe do Consejo General de Economistas, presentado un nivel baixo de dixitalización en dez dos dezaseis indicadores considerados.

CONTIDOS

I- ANÁLISE CONXUNTURA:
. Contas económicas.
. Mercado de Traballo.
II- GALICIA Y LA TRAMPA DEL DESARROLLO

O Informe de Conxuntura Socioeconómica ten como obxectivo subministrar aos axentes sociais, económicos e políticos a información básica e estratéxica que permita definir a situación actual da economía de Galicia. Asemade, pretende facilitar a avaliación continua das magnitudes máis salientables do noso País, e analizar os avances e melloras, mais tamén os atrancos ou retrocesos na súa dinámica macroeconómica.

ISSN 2530-318X
Editado en Ourense polo Foro Económico de Galicia
Xaneiro 2023

I- ANÁLISE DE CONTAS

Acusada ralentización da actividade económica no terceiro trimestre de 2022.

O terceiro trimestre do ano caracterízase por unha ralentización no ritmo de crecemento da actividade económica, presentando Galicia unha medra interanual do 2,5%. Case dous puntos inferior ao rexistrado no conxunto do Estado (4,4%). Non obstante, este incremento é similar ao experimentado no conxunto da UE e lixeiramente superior ao da zona euro (2,3%). Tras este crecemento, a Comunidade Autónoma atópase tan só tres décimas por baixo do nivel precrise, situándose este diferencial en 1,4 puntos no conxunto do Estado, o que contrasta co acontecido no conxunto da UE e da zona euro que xa o tiñan superado. En España Navarra presenta un mellor comportamento ao superar xa o nivel precrise, experimentando Cataluña ou País Vasco un diferencial superior ao galego.

O crecemento agregado do PIB galego ven explicado pola achega positiva da demanda externa (4,6 puntos), o que contrasta co mal comportamento da demanda interna, que detrae 2,1 puntos. Atendendo aos diferentes compoñentes, o diferentes compoñentes recollidos no cadro macroeconómico presentan unha peor evolución que no conxunto do Estado, o que explica o diferencial de crecemento. Dunha banda, o gasto en consumo final, tanto público como privado, contráese en Galicia fronte ao incremento do gasto total final e privado en España, sendo a caída do gasto público significativamente superior. No caso do investimento, este aumenta en Galicia un 0,5%, o que supón dous puntos menos que en España. No caso do sector exterior, o dinaimismo exportador reflíctese nunha medra do 8,1% en Galicia fronte ao 18,8% en España, permanecendo practicamente constante as importacións (medran un 9% no Estado).

Dende o lado da oferta, o crecemento do PIB en Galicia explícase tanto polo comportamento da construción como en moita maior medida polo sector servizos, presentando o sector primario e industrial unha contracción da súa actividade produtiva. Comparado co reflectido no cadro macroeconómico da economía española, os catro grandes sectores e as principais ramas de actividade presentan en España un mellor comportamento..

Actividade económica

No último terceiro trimestre de 2022 o conxunto da Unión Europea e dos países da zona euro, así como as principais economías do noso entorno rexistraron unha importante ralentización da súa actividade produtiva. Neste contexto, a economía galega medra un 2,5% respecto ao ano anterior, porcentaxe que se sitúa lonxe da media española (4,4%) ou de Portugal (4,9%). Sen embargo, este incremento interanual é similar ao da UE-27 e lixeiramente superior ao do conxunto da zona euro (2,3%), situándose esta porcentaxe no 1,3% no caso da Alemaña ou do 1% en Francia.

En termos intertrimestrais as taxas de crecemento son positivas no conxunto da UE e en Alemaña (0,4%) ou do 0,3% na zona euro, o que contrasta co 0,1% no caso de España e no 0% para a economía galega. De cara ao futuro

Evolución do PIB real na UE-27, na zona euro e nas principais economías europeas, 2019-2022. Taxas de variación interanual



	IV 209	I 2020	II 2020	III 2020	IV 2020	I 2021	II 2021	III 2021	IV 2021	I 2022	II 2022	III 2022
Zona euro	1,2	-2,8	-14,2	-3,8	-4,1	-0,8	14,2	3,9	4,8	5,5	4,2	2,3
UE-27	1,4	-2,2	-13,4	-3,7	-3,9	-0,8	13,7	4,2	5,1	5,6	4,3	2,5
Alemaña	0,9	-1,2	-10,4	-2,5	-2,1	-2,2	10,2	1,8	1,2	3,5	1,7	1,3
Francia	1,1	-5,2	-18,5	-3,6	-4,2	1,5	18,6	3,6	5,1	4,8	4,2	1,0
Portugal	2,8	-2,6	-17,8	-6,2	-6,6	-4,9	17,0	5,0	6,6	12,0	7,4	4,9
España	1,5	-4,7	-21,9	-9,2	-9,5	-4,4	17,9	4,2	6,6	7,0	7,6	4,4

Fonte: Eurostat e INE

é importante ver como evolucionan os prezos enerxéticos e das principais materias primas, así como ter presente posibles rebrotes dos casos do covid ou o posible impacto negativo do retraso dos fondos de recuperación e resiliencia e a maior ou menor capacidade das administracións públicas para canalizar eses recursos ao tecido produtivo.

Se a comparación se fai coa situación existente no momento antes da pandemia, mentres que o PIB español atópase aínda 1,4 puntos por baixo do nivel precrise, a actividade económica da UE e das principais economías eu-

Evolución do PIB real na UE-27 e nas principais economías europeas, 2019-2022. (Base 4 trimestre 2019 = 100)



Fonte: Eurostat

ropeas superan xa ese nivel. No terceiro trimestre de 2022 o PIB comunitario supera nun 2,2% o PIB acadado no derradeiro trimestre de 2019, sento esta porcentaxe do 2,2% no caso de Portugal e do 1,8% en Italia.

No que á evolución da economía galega se refire, o PIB galego segue a presentar no terceiro trimestre de 2022 unha taxa de variación interanual inferior á española. No último trimestre a economía galega presenta un crece-

Evolución do PIB real en Galicia e España, 2019-2022. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE e INE

(1) A análise dos datos de crecemento interanuais están condicionados polo feito de que no primeiro trimestre do ano anterior aínda existían importantes restricións derivadas da pandemia.

mento do 2,5%, case dous puntos por baixo da media estimada no conxunto do Estado. A pesar dos seis meses consecutivos con taxas positivas de crecemento, a recuperación da actividade tras a crise orixinada pola pandemia segue a ser incompleta tanto en Galicia como no conxunto do Estado, aínda que a recuperación está a ser máis intensa en comparación coa crise de 2008. O PIB galego atópase no terceiro trimestre de 2022 tan só tres décimas por baixo do nivel anterior ao comezo da crise sanitaria sendo esta porcentaxe do 1,4% no caso da economía española.

Se a comparación se fai coa evolución noutras CC.AA. a caída da economía galega consecuencia da covid-19 non só foi menos intensa que a rexistrada en CC.AA como Navarra, País Vasco ou Cataluña, senón que a recuperación posterior é superior á de Cataluña e País Vasco (seis e sete décimas por baixo do nivel do cuarto trimestre de 2019, respectivamente). Tan só a comunidade autónoma de Navarra supera xa o nivel precrise.

Evolución da actividade económica en Galicia e España dende o máximo antes da crise 2008 e 2021



Fonte: IGE e INE

(1) A recuperación da actividade económica foi máis rápida no Estado, superando o nivel precrise no primeiro trimestre de 2018 (40 trimestres máis tarde) cando a economía española o superara no cuarto trimestre de 2016 (35 trimestres). O índice máis reducido acadouse en Galicia no derradeiro trimestre de 2012 (19 trimestres transcorridos) fronte ao primeiro trimestre de 2013 no caso de España (20 trimestres).

Evolución da actividade económica 2019-2022. (Base 4 trimestre 2019 = 100)



Fonte: IGE e INE

DEMANDA AGREGADA

A diferenza do acontecido nos trimestres anteriores, o incremento da actividade económica en Galicia no terceiro trimestre do ano ven motivada tanto só por unha achega positiva da demanda da externa, o que contrasta co acontecido no conxunto do Estado quen presenta un crecemento máis equilibrado. Dunha banda, a demanda externa achega 4,6 puntos porcentuais ao crecemento agregado do PIB galego, un punto máis do que acontece na economía española. Por contra, a demanda interna detrae 2,1 puntos ao crecemento do PIB en Galicia, feito que non acontecía dende o inicio da reactivación económica no segundo trimestre de 2021. No conxunto do Estado a súa contribución positiva ascende a nove décimas.

Achega da demanda interna e externa en Galicia e España 2019-2022



Fonte: IGE e INE

O cadro macroeconómico de Galicia amosa unha contracción do gasto en consumo final, o que contrasta co incremento, por segundo trimestre consecutivo, do investimento. Dunha banda, a caída do 2,7% do gasto en

consumo fina ven motivado tanto por unha caída do gasto das administracións públicas do 6,7% como en menor medida do gasto privado, que presenta unha taxa de variación interanual do -1,2%. Doutra banda, o investimento rexistra unha medra do 0,5% respecto ao ano anterior cando trimestre anterior o fixera nun 0,2%.

En comparación coa evolución destes indicadores na economía española, Galicia presenta no terceiro trimestre un peor comportamento. Dunha banda, fronte á devandita caída do 2,7% do gasto en consumo final, este aumenta lixeiramente en España (0,4%). Este diferencial ven motivado tanto pola evolución positiva do gasto privado (1,3% en España) como por unha menor contracción do consumo das administracións públicas, que presenta no conxunto do Estado unha contracción do 2% (6,7% en Galicia). Por contra, o incremento do investimento estimado en España ascende ata o 2,5%, dous puntos por riba do que acontece en Galicia.

No que á demanda externa se refire, o cadro macroeconómico de Galicia reflicte unha achega positiva ao crecemento agregado do PIB de 4,6 puntos porcentuais, motivado por unha medra interanual das exportacións do 8,1%, permanecendo practicamente estable as importacións (0,1%). Ao igual que acontece coa demanda interna, tanto

Cadro macroeconómico de Galicia 2018-2022. Taxas de variación interanual.

%

	2019	2020	2021	2021/I	2021/II	2021/III	2021/IV	2022/I	2022/II	2022/III
Produto Interior Bruto	1,1	-8,8	5,2	-2,3	15,3	4,2	5,0	5,1	5,2	2,5
Demanda										
Gasto en consumo final	-1,3	-6,9	3,8	-0,5	13,9	1,4	1,6	1,6	0,1	-2,7
Fogares e institución privadas sen fin de lucro	-2,2	-10,4	4,2	-2,2	17,2	0,5	3,5	3,4	2,4	-1,2
AA. Públicas	1,4	3,3	2,6	3,9	6,3	3,7	-3,1	-2,8	-5,6	-6,7
Formación Bruta de Capital	3,9	-12,8	1,0	-3,1	15,4	-3,3	-2,6	-2,3	0,2	0,5
Achega demanda interna ao PIB	-0,4	-7,8	3,3	-0,9	13,9	0,6	0,9	0,9	0,1	-2,1
Exportacións	-0,1	-4,3	10,8	7,3	39,0	0,0	4,7	4,8	8,5	8,1
Importacións	-3,1	-2,4	7,5	10,5	37,2	-6,1	-2,4	-2,3	-0,3	0,1
Achega demanda externa ao PIB	1,5	-1,0	1,9	-1,4	1,4	3,6	4,1	4,2	5,1	4,6
Oferta										
Sector primario	6,3	-8,7	0,7	-1,0	0,6	0,3	3,1	0,5	-2,7	-4,4
Industria	-7,0	-12,1	3,9	-0,1	24,4	-1,2	-2,7	-6,8	1,1	-1,9
Industria manufactureira	-1,5	-11,6	6,3	1,8	28,8	-0,8	1,1	0,8	4,2	-0,9
Construción	2,1	-11,6	-1,6	-6,8	9,8	-4,4	-3,2	-0,6	1,0	0,6
Servizos	2,9	-7,5	6,5	-2,3	15,1	6,3	7,9	8,8	7,4	4,8
Comercio, transporte e hostalería	0,3	-19,4	14,8	-9,9	39,9	16,0	22,0	25,9	20,7	12,0
Información e comunicacións	9,7	0,6	1,2	-7,2	1,5	1,7	9,2	14,2	19,1	13,7
Actividades financeiras e de seguros	0,9	3,8	0,3	6,7	2,3	-2,2	-5,1	-7,8	-11,0	-8,7
Actividades inmobiliarias	1,4	-0,1	0,3	-0,3	0,2	0,6	0,9	0,8	0,8	0,9
Actividades profesionais	11,8	-5,5	6,6	0,7	18,5	5,6	3,4	4,3	4,1	1,1
Administración pública, sanidade e educación	2,6	0,4	3,5	2,3	5,0	4,7	1,9	2,0	0,6	-0,2
Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	6,2	-16,3	9,9	-0,6	46,9	1,2	3,2	0,8	0,4	4,6

Fonte: IGE

as exportacións como as importacións presentan un comportamento máis positivo no conxunto do Estado, ao aumentar as vendas de bens e servizos un 18,8% e as importacións un 9,0%, situándose a contribución da demanda externa de 3,6 puntos.

PIB real en Galicia e España terceiro trimestre 2022. Indicadores de demanda. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE e INE

O devandito bo comportamento da demanda externa reflectido no cadro macroeconómico de Galicia apréciase en maior medida se se considera tan só as relacións comerciais con terceiros países. Os datos acumulados do terceiro trimestre amosan que o valor monetario das exportacións medra un 36% respecto ao ano anterior, o incremento máis importante nun terceiro trimestre dende o ano 2008, impulsado en boa medida polo comportamento dos sectores téxtil e confección, o sector enerxético e o automóbil. Entre xullo e setembro as vendas totais a terceiros países sitúanse en 7.690,3 millóns de euros, o que representa o 44,5% do PIB galego, máis de nove puntos por riba do rexistrado no ano precedente (35,2%). A cota de mercado das exportacións galegas no total estatal sitúase no 8%, sete décimas máis que no ano anterior (acadara o 9,3% en 2020). As importacións galegas rexistran unha medra do 50,6% respecto ao mesmo período do ano anterior, acadando un valor de 7.018,6 millóns de euros, reducíndose deste xeito o saldo positivo da balanza comercial galega ata os 671,8 millóns de euros, un 32,4% inferior á do ano anterior (322,6 millóns menos).

Exportacións galegas do sector do automóbil, téxtil-confección e pesca 2009-2022. Datos acumulados xullo-setembro



Fonte: ICEX

As actividades do sector téxtil e confección e do automóbil seguen a ser os sectores exportadores máis importantes en termos de valor. Dunha banda, o sector téxtil-confección, tras unha medra interanual do 52%, vendeu ao exterior produtos por valor de 1.936,7 millóns de euros. Doutra banda, o importe das vendas do sector do automóbil aumentou un 33,1% respecto ao ano anterior, acadando os 1.347,8 millóns de euros. Tras esta evolución, a importancia relativa do téxtil ascende ata o 25,2%, case tres puntos máis que no ano anterior, en tanto que o peso relativo do sector do automóbil nas exportacións galegas descende ata o 17,5% (catro décimas menos que no ano precedente). En conxunto as dúas ramas de actividade concentran o 42,7% das vendas galegas a terceiros países, 2,3 puntos superior á rexistrada no mesmo período do ano anterior. No último ano cómpre mencionar o incremento do peso exportador do sector enerxético derivado da alza de prezos destes produtos, de xeito que no terceiro trimestre de 2022 concentraban o 10,7% das exportacións galegas fronte ao 6,5% do ano anterior.

Xunto á devandita medra da concentración sectorial, no último trimestre aumenta a concentración xeográfica no continente europeo e en especial no UE-27. Tras un incremento do 42% o continente europeo acolle o 83,3% das vendas galegas ao exterior, en tanto que a UE concentra o 73,9% do valor total

das exportacións tras un incremento de case o 44%. Fronte a esta evolución, as vendas a Asia e América aumenta un 31,8% e 12,3%, concentrando tan só o 4,4% e 6,3% das exportacións. Por contra, redúcense lixeiramente as exportacións ao continente africano (-1,3%), manténdose África do norte como a terceira área comercial ao acoller o 4,5% das exportacións galegas (6,4% en 2021).

Francia, Portugal e Italia lideran o ranking de principais destinos dos produtos galegos no exterior, ascendendo no último ano os Países Baixos ao cuarto lugar. Fóra da UE, reino Unido e Marrocos son os principais países, situándose en sétimo e oitavo lugar, respectivamente.

Por último, no concernente ao saldo da balanza comercial dos distintos sectores, cómpre resaltar en primeiro lugar o comportamento no sector do téxtil confección, que no terceiro trimestre de 2022 acada un saldo positivo de 939,7 millóns de euros, importe superior ao rexistrado no ano anterior (715,3 millóns de euros). Xunto a este incremento, o automóbil mantén o saldo positivo dos últimos dous anos, situándose o superávit en 234,5 millóns fronte aos 339,5 do ano precedente. Por contra, tanto os produtos enerxéticos como os alimentos aumentan o seu saldo comercial negativo, presentado un déficit de 732,2 e 381 millóns de euros, respectivamente.

Exportacións galegas no terceiro trimestre 2021-22. Principais países e sectores económicos



Fonte: ICEX

AGREGADOS DA OFERTA

Dende o punto de vista sectorial, o crecemento do PIB en Galicia explícase tanto polo comportamento da construción como en moita maior medida polo sector servizos, presentando o sector primario e industrial unha contracción da súa actividade produtiva. Comparado co reflectido no cadro macroeconómico da economía española, os catro grandes sectores e as principais ramas de actividade presentan en España un mellor comportamento.

O sector servizos presenta unha taxa de variación interanual do 4,8% en Galicia, dúas décimas inferior á rexistrada en España, impulsado polo crecemento interanual rexistrado polo subsector de comercio, transporte e hostalería, cunha medra do 12% (13,3% no caso da economía española). As actividades artísticas, recreativas e outros servizos, que fora un dos grandes sectores afectados pola crise orixinada pola pandemia, presenta unha medra do 4,6% no terceiro trimestre do ano, máis de sete puntos inferior á media estatal (11,7%). Por contra, administración pública, sanidade e educación presenta en Galicia unha contracción do 0,2%, porcentaxe inferior á rexistrada de media en España, cunha caída interanual do 2,1%.

Ao igual que acontece co sector terciario, o veb xerado na construción presenta un incremento interanual do veb inferior á rexistrada en España, situándose en 0,6% en Galicia fronte ao 5,6% no conxunto do Estado. No extremo oposto, a contracción da actividade do sector primario en Galicia é máis intensa que na economía española, cunha caída interanual do 4,4% fronte ao 3% de España.

O sector industrial segue unha evolución dispar en Galicia e España, Fronte ás caídas interanuais do 1,9% experimentada en Galicia no sector industrial considerado no seu conxunto, e do 0,9% no caso das ramas manufactureiras, en España o valor engadido nestes sectores medra un 3,3% e 2,9%, respectivamente.

Por último cómpre facer referencia á estrutura produtiva e á súa evolución ao longo dos últimos anos. Dunha banda, o devandito incremento da actividade comercial, transporte e hostalería tradúcese nunha medra do seu peso relativo no veb total xerado, concentrando no último trimestre o 24,7% do total, dous puntos máis que no mesmo período do ano anterior. A continuación situaríase as actividades da administración pública, sanidade e educación, que concentra o 18,8% do veb galego fronte ao 20% do ano anterior.

A importancia relativa da industria manufactureira mantense lixeiramen-

Produto Interior Bruto en Galicia e España terceiro trimestre 2022: distribución segundo principais compoñentes da oferta. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE e INE

te por riba do 12% (12,2% no terceiro trimestre de 2022), descendendo ata o 5,9% no caso da construción, seis décimas menos que no ano anterior (en 2008 estas actividades concentraban o 14,2% e 11,7%, respectivamente). Por último, o sector primario concentra no último trimestre o 4,7% do veb total, mesma porcentaxe que no ano anterior.

Evolución da estrutura produtiva de Galicia. Principais ramas de actividade (VEB Galicia = 100)



Fonte: IGE

Produtividade do factor traballo

Por último, cómpre facer referencia á evolución da produtividade da economía galega entendida como o cociente entre o PIB real e o número de horas efectivamente traballadas ou o número de postos de traballo equivalente a tempo completo. O que mide á a cantidade producida por unha economía tanto en termos das horas traballadas como dos postos de traballo así considerados.

No concernente á produtividade medida en termos de horas efectivamente traballadas, os datos reflectidos nas contas económicas amosan un incremento interanual da produtividade en Galicia do 2,7% resultado dunha medra do PIB real do 2,5% e unha redución do 0,2% das horas traballadas. Tendo en conta que no conxunto do Estado o emprego medra un 3,3% e a actividade económica un 4,4%, a capacidade produtiva da economía española no terceiro trimestre medra un 1,1%. Se o indicador de ocupación que se considera é o do número de postos de traballo equivalente a tempo completo, tanto Galicia como España presentan unha medra da produtividade en termos reais, sendo incremento lixeiramente máis acusado no conxunto do Estado:1,3% e 1,5%, respectivamente.

Se se considera o PIB en termos monetarios, o gráfico seguinte amosa que a pesar da mellora experimentada nos últimos anos Galicia segue a presentar unha produtividade aparente do factor traballo inferior á da economía española. No terceiro trimestre de 2022 este diferencial situábase en torno aos 4 puntos tanto se se mide en termos de tempo de traballo equivalente a tempo completo (3,7%) como no que se refire ás horas efectivamente traballadas (4,2%). En 2020 a produtividade aparente en termos de tempo de traballo equivalente a tempo completo representaba en Galicia o 93,1% do total estatal fronte ao 96,3% de 2022, sendo esta evolución dende o 90% ata o 95,8% no caso das horas traballadas.

Atendendo á distribución sectorial, cómpre resaltar dunha banda que tanto a construción como o sector servizos presentan unha produtividade aparente superior á media española, o que contrasta co que acontece no sector primario e sobre todo na industrial. Dunha banda, a produtividade aparente do factor traballo medida en termos de postos de traballo equivalente representaba o 101,2% no caso da construción e o 101,9% no sector terciario; en termos de horas traballadas, a PFT da construción en Galicia representaba o 106% na construción e o 101,4% nos servizos. Doutra banda, e ao igual que en documentos anteriores, cómpre resaltar a baixa produtividade da industria manufactureira, que no último trimestre

representa o 69,5% da media española en termos de postos de traballo a tempo completo e do 74% se se mide en relación ao número de horas.

Evolución da produtividade aparente do factor traballo en Galicia. Distribución segundo sexo (España = 100)



Produtividade aparente do factor traballo no terceiro trimestre de 2022. Taxas de variación interanual

HORAS EFECTIVAMENTE TRABALLADAS

	Galicia			España		
	PIB	Emprego	Produtividade	PIB	Emprego	Produtividade
Total	2,5%	-0,2%	2,7%	4,4%	3,3%	1,1%
Sector primario	-4,4%	1,5%	-5,9%	-3,0%	-3,2%	0,2%
Industria	-1,9%	0,7%	-2,6%	3,3%	4,5%	-1,2%
Industria manufactureira	-0,9%	0,4%	-1,3%	2,9%	5,2%	-2,3%
Construción	0,6%	-2,0%	2,6%	5,6%	0,7%	4,9%
Servizos	4,8%	-0,4%	5,2%	5,0%	3,7%	1,3%

POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTE A TEMPO COMPLETO

	Galicia			España		
	PIB	Emprego	Produtividade	PIB	Emprego	Produtividade
Total	2,5%	1,2%	1,3%	4,4%	2,9%	1,5%
Sector primario	-4,4%	-0,8%	-3,6%	-3,0%	-1,9%	-1,1%
Industria	-1,9%	1,4%	-3,3%	3,3%	2,4%	0,9%
Industria manufactureira	-0,9%	1,4%	-2,3%	2,9%	3,4%	-0,5%
Construción	0,6%	1,5%	-0,9%	5,6%	4,2%	1,4%
Servizos	4,8%	1,2%	3,6%	5,0%	3,1%	1,9%

Competitividade rexional 2022. Análise comparada

Tras o forte impacto negativo da covid tanto na actividade económica como no emprego no ano 2020 e a intensa reactivación en 2021 (efecto rebote), a competitividade estrutural promedio das CC.AA un 4,4% respecto ao ano precedente, o cuarto máis elevado dende o ano 2008. O valor do Índice de Competitividad Rexional (ICERG) reflicte que Galicia presenta unha medra da competitividade do 5,7% en relación á primeira estimación do ano anterior, situándose en 8,13.

Os distintos indicadores seleccionados na elaboración do Índice anual de Competitividade Rexional (ICREG) elaborado polo Consejo General de Economistas, que se agrupan en sete eixos competitivos (entorno económico, mercado de traballo, capital humano, entorno institucional, infraestruturas básicas, eficiencia empresarial e innovación), permiten identificar os factores determinantes para a competitividade e proporciona información sobre as claves para a súa mellora.

A pesar do impacto asimétrico da covid dende o punto de vista territoria e o rango de variación do crecemento do PIB, o ranking das CC.AA. segundo o valor do ICREG e a composición dos grupos amosa escasas variacións en relación ao ano anterior. No último ano tan só A Rioxa presentan unha perda da súa posición relativa a favor de Aragón, pasando a ocupar un novel competitivo medio-baixo. Pola súa banda, Galicia mantense no noveno posto e nunha posición intermedia-baixa en relación ao resto das CC.AA. O mapa seguinte reflicte que Madrid, xunto con Navarra e País Vasco conforman o grupo competitivo relativo alto, manténdose sólido o denominado "triángulo competitivo", formado polos vértices de País Vasco, Cataluña e Madrid.

Nun contexto de crecementos de actividade económica xeneralizados, todas as CCAA agás A Rioxa presentan unha mellora da súa intensidade competitiva en termos comparados co promedio. Galicia, ao igual que Cantabria, Baleares, Asturias, Cataluña e Canarias están encadradas no grupo de CCAA que presentan un moderado crecemento.

A pesar de que Galicia presenta no ano 2021 un nivel de competitividade relativo medio baixo, no concernente á distribución segundo eixos competitivos o entorno institucional rexistra un nivel alto en contraposición co acontecido coas infraestruturas básicas (eixo 5) e a eficiencia empresarial (eixo 6). En termos dinámicos, o crecemento moderado no conxunto de Galicia rexístrase en catro eixos -capital humano (eixo 3), innovación (eixo 7) e os devanditos eixos 5 e 6- en tanto que o entorno económico (eixo 1) presenta o peor comportamento, cun descenso do seu dinamismo relativo.

Comunidades Autónomas segundo o seu nivel competitivo, 2021



Fonte: Consejo General de Economistas, Informe de la competitividad regional en España 2022

Evolución anual do Índice de Competitividade Rexional 2021



Fonte: Consejo General de Economistas, Informe de la competitividad regional en España 2022

Nivel competitivo de Galicia 2021 e evolución 2020-21. Distribución segundo eixos

	2021		2021/2020
	Ranking	Nivel competitivo	Dinamismo relativo
Eixo 1.- Entorno económico	9	MEDIO BAIXO	DESCENSO
Eixo 2.- Mercado de traballo	9	MEDIO ALTO	LEVE
Eixo 3.- Capital humano	6	MEDIO ALTO	MODERADO
Eixo 4.- Entorno institucional	7	ALTO	LEVE
Eixo 5.- Infraestruturas básicas	12	BAIXO	MODERADO
Eixo 6.- Eficiencia empresarial	16	BAIXO	MODERADO
Eixo 7.- Innovación	9	MEDIO BAIXO	MODERADO
Galicia	9	MEDIO BAIXO	MODERADO CRECEMENTO

Fonte: Consejo General de Economistas, Informe de la competitividad regional en España 2022

Segundo o devandito informe, os indicadores coas achegas máis positivas corresponden ao coeficiente de apertura externa (eixo 1), Uso de Internet, formación de adultos e abandono escolar temperá (eixo 4), parque de vehículos ecolóxicos (eixo 5), dinamismo empresarial (eixo 6), gasto en I+D empresarial e comercio electrónico (eixo 7). Pola contra, as contribucións máis negativas corresponden á taxa de aforro (eixo 1), delitos (eixo 4) e mulleres empregadoras (eixo 6).

Dixitalización e competitividade

No devandito informe de 2022 incorpórase un apartado a analizar o grado de dixitalización relativo por CCAA (desviacións respecto da medio), definíndose este grado de dixitalización a partir de 16 indicadores[1] relativos á conectividade, capital humano e uso das TIC.

Grado de dixitalización relativo (desviacións respecto da media)



Fonte: Consejo General de Economistas, Informe de la competitividad regional en España 2022

[1] Cobertura 5G, medida en termos de porcentaxe de áreas habitadas; [2] Empresas con acceso de banda ancha fixa por redes de cable e fibra óptica FTTH (% sobre o total de empresas con conexión de banda ancha fixa); [3] Empresas con acceso de banda ancha fixa con velocidade 1Gb/seg. ou superior (% sobre o total de empresas con conexión de banda ancha fixa). [4] Fogares con acceso de banda ancha fixa (% sobre o total de fogares). [5] Poboación con cobertura de banda ancha de 100 Mbps ou máis (%); [6] Empresas que proporcionaron actividades formativas en TIC aos seus empregados (% sobre o total de empresas); [7] Individuos con habilidades de comunicación avanzadas (% sobre o total de persoas); [8] Individuos con habilidades de resolución de problemas avanzadas (% sobre o total de persoas); [9] Individuos con habilidades dixitais por encima das básicas (% sobre o total de individuos); [10] Mulleres especialistas TIC por tipo (% sobre o total de persoal especialistas TIC); [11] Persoal especialista TIC sobre o total de persoal

Galicia sitúase como a Comunidade Autónoma con menor grado de dixitalización segundo o Informe do Consejo General de Economistas, presentado un nivel baixo de dixitalización en dez dos dezaseis indicadores considerados. Tan só os indicadores relativos á cobertura 5G, empresas con acceso de banda ancha fixa con velocidade igual ou superior a 1 Gb/seg, porcentaxe de mulleres especialistas TIC, empresas que empregan medios sociais, persoas que mercaron por internet e empresas que analizaron Big Data presentan un valor medio.

Atendendo aos tres grandes bloques mencionados, cómpre mencionar que Galicia sitúase entre as CC.AA. que adolecen de menor conectividade e cun uso das ferramentas TIC máis reducido. A modo de conclusión, o último gráfico reflicte a relación positiva e significativa entre competitividade e dixitalización.

Competitividade vs dixitalización 2021

(% sobre o total de empresas); [12] Persoas que enviaron formularios cumplimentados para tratar coas AA.PP. a través de Internet (% sobre 0 total de persoas); [13] Empresas que utilizan Medios Sociais (% sobre as empresas que teñen acceso a Internet); [14] Persoas que mercaran a través de Internet nos últimos 3 meses (% sobre o total de persoas); [15] Empresas que analizaron Big Data (% sobre o total de empresas); [16] Empresas que utilizan páxinas web para realización de pedidos ou reservas online (% sobre empresas que teñen acceso a Internet e páxina web).



O MERCADO DE TRABALLO NO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2022. IMPORTANTE RALENTIZACIÓN DA CREACIÓN DE EMPREGO

A ralentización económica trasládase ao mercado de traballo, quen presenta unha importante moderación no dinamismo da ocupación, tanto no caso da poboación ocupada, como nas afiliacións e nos postos de traballo equivalente a tempo completo. Ao mesmo tempo, volve a reducirse o número de horas efectivamente traballadas segundo as contas trimestrais. Con carácter xeral, a creación de emprego centrouse nas mulleres, na construción, nos asalariados no sector privado, nas persoas con estudios superiores, con idades comprendidas entre 45-54 anos. No extremo oposto, redúcese no sector industrial e primario, nos traballadores por conta propia e asalariados públicos, con estudos secundarios e cunha idade entre 35-44 anos. Cómpre insistir en que a creación de emprego rexístrase con maior intensidade en España que na C.A. así como que Galicia mantense entre as CC.AA. con taxas de actividade e ocupación máis reducidas

En canto á evolución do desemprego, a taxa de paro en Galicia sitúase no 10,8%, case dous puntos menos que en España (12,7%), o que a sitúa nunha posición intermedia respecto ao resto das CC.AA. As taxas de paro reflicten que o desemprego segue a afectar en maior medida ao desemprego feminino que ao masculino, sendo as persoas menores de 25 anos, estranxeiros e con estudios primarios os colectivos máis afectados polo desemprego. O 36,9% da poboación parada levaba doce ou máis meses en situación de desemprego, case catro puntos menos que no ano anterior, salientando que por terceiro trimestre consecutivo este se reduce tanto en termos interanuais como intertrimestrais.

Nun trimestre no que a actividade económica presenta unha acusada ralentización, a ocupación presenta unha importante moderación no seu dinamismo, reducíndose en menor medida o desemprego rexistrado. Dende un punto de vista agregado, as taxas de actividade, ocupación e desemprego amosan unha primeira aproximación á situación do mercado de traballo. As dificultades do mercado laboral quedan reflectidos en que un trimestre máis Galicia mantense entre as CC.AA. coas taxas de actividade e ocupación máis reducidas.

A participación laboral dos galegos aumenta no terceiro trimestre do ano ata o 53,3%, catro décimas por riba do estimado en 2021, porcentaxe que supera un trimestre máis tan só á rexistrado en Asturias (50%). No conxunto do Estado a taxa de actividade ascende ata o 58,9%.

A relación entre a poboación ocupada e a maior de 16 anos ascende en Galicia ata o 47,5%, porcentaxe similar á do ano

anterior. Dunha banda, Galicia mantense como a cuarta Comunidade Autónoma con menor taxa de emprego, por diante de Asturias (43,6%), Andalucía (46,1%), e Estremadura (47,3%); doutra, a taxa de ocupación aumenta en España en nove décimas, situándose a taxa de emprego no 51,4%.

A taxa de paro galega descende no último ano ata o 10,8%, case dous puntos por baixo da media estatal (12,7%), o que a sitúa nunha posición intermedia respecto ao resto das CC.AA.

Principais datos do mercado de traballo en Galicia 2020-2022

miles de persoas	2020	2021	2021				2022		
			I	II	III	IV	I	II	III
Poboación maior de 16 anos	2.339,0	2.340,9	2.341,3	2.340,5	2.340,9	2.340,8	2.340,2	2.341,6	2.343,0
Poboación activa	1.220,9	1.228,2	1.218,1	1.229,1	1.239,2	1.226,4	1.232,4	1.244,7	1.248,6
25 - 34 anos	210,7	207,0	206,2	206,4	209,3	206,0	207,8	210,7	208,5
Poboación ocupada	1.074,2	1.085,1	1.059,8	1.076,7	1.112,5	1.091,3	1.091,4	1.105,2	1.113,8
Conta propia	205,3	208,2	207,6	209,5	209,1	206,6	199,0	205,6	201.,7
Conta allea	868,6	876,4	851,8	867,0	902,5	884,3	892,2	899,5	911,6
Outra situación	0,4	0,5	0,4	0,2	0,9	0,4	0,2	0,2	0,4
Poboación parada	146,7	143,1	158,3	152,4	126,7	135,1	141,0	139,4	134,8
Parado longa duración	49,9	59,0	61,4	63,7	51,5	59,4	57,2	52,9	49,7
Poboación inactiva	1.118,1	1.112,7	1.123,2	1.111,4	1.101,7	1.114,4	1.107,7	1.096,9	1.094,4
Taxa de actividade	52,2%	52,5%	52,0%	52,5%	52,9%	52,4%	52,7%	53,2%	53,3
Taxa de ocupación	45,9%	46,4%	45,3%	46,0%	47,5%	46,6%	46,6%	47,2%	47,5
Taxa de paro	12,0%	11,7%	13,0%	12,4%	10,2%	11,0%	11,4%	11,2%	10,8
Taxa de temporalidade	24,0%	24,5%	23,3%	24,2%	26,0%	24,3%	22,5%		18,3
Afiliacións (media trimestral)	996,0	1.014,4	992,8	1.008,5	1.030,9	1.025,4	1.023,8	1.038,8	1.042,1
Paro rexistrado (media trimestral)	180,3	163,4	184,0	164,6	152,1	153,1	153,9	145,9	142,0

Fonte: IGE

Poboación activa

A ralentización da economía galega trasládase ao mercado de traballo ao presentar unha medra da poboación activa do 0,8%, o que supón medio punto por baixo do estimado no trimestre anterior (1,3%). Tras un incremento interanual de 9.400 persoas, a poboación activa sitúase en 1.248.600 persoas, o que supón case 7.000 persoas máis que ao comezo da crise económica orixinada pola pandemia (0,6%). A devandita ralentización tamén se rexistra no conxunto do Estado, onde a poboación activa medra un 0,3% respecto ao ano anterior (0,7% no segundo trimestre do ano), sendo esta porcentaxe do 1,6% en relación ao cuarto trimestre de 2019.

A devandita ralentización ven motivada pola caída interanual da poboación activa experimentada entre os homes, con 6.200 persoas menos que no ano

Poboación activa: variacións 2020-2022



Fonte: IGE

anterior. Esta evolución contrasta coa medra de 15.600 entre as mulleres. En termos relativos, a poboación activa feminina medra no terceiro trimestre do ano un 2,6%, reducíndose un 1% entre os homes.

O devandito incremento ven explicado fundamentalmente pola evolución da poboación activa entre as persoas de nacionalidade estranxeira, que compensa a caída estimada entre as persoas de nacionalidade española, en persoas con estudios superiores e nos maiores de 45 anos e menores de 25. Dunha banda, no terceiro trimestre de 2022 a poboación activa de nacionalidade estranxeira medra un 23,2% respecto ao ano anterior (16.000 persoas máis) reducíndose un 0,6% no caso dos españois (6.600 persoas). Doutra banda, o número de activos medra en 11.700 persoas con estudos superiores (2,1%) e entre os comprendidos entre 45 e 54 anos en 11.000 (3,0%)

Taxas de actividade, ocupación, paro e temporalidade, terceiro trimestre 2022

	Galicia	España	Mellores CC.AA.	Peores CC.AA.
Taxa de actividade	53,3%	58,9%	Baleares (66,8%) Madrid (62,9%) Cataluña (61,4%) Murcia (59,7%)	Asturias (50,0%) Galicia (53,3%) Castela e León (55,3%) Cantabria (55,7%)
Taxa de ocupación	47,5%	51,4%	Baleares (62,91%) Madrid (55,78%) Cataluña (55,64%) A Rioxa (54,62%)	Asturias (43,6%) Andalucía (46,13%) Estremadura (47,30%) Galicia (47,54%)
Taxa de paro	10,8%	12,7%	Baleares (5,8%) A Rioxa (8,0%) País Vasco (8,3%) Cantabria (8,6%)	Andalucía (19,0%) Canarias (17,7%) Estremadura (15,9%) Murcia (14,5%)
Taxa de temporalidade	18,3%	20,2%	Madrid (14,3%) Cataluña (16,4%) A Rioxa (17,2%) Cantabria (17,6%) Galicia (18,3%)	Estremadura (29,3%) Andalucía (27,4%) Murcia (22,9%) Asturias (22,5%)

Fonte: INE

fronte aos 6.100 no caso das persoas menores de 25 (10,6%).

Fronte a este incremento, o maior descenso na poboación activa prodúcese na franxa de idade comprendida entre os 35 e 44, cunha caída interanual do 3,0% (10.400 persoas menos). Atendendo ao seu nivel formativo, o descenso do número de activos estímase tanto nas persoas con estudios primarios rematados ou menos, con 3.300 activos menos (-10,8%) como entre aqueles coa ESO primeira etapa, con 6.800 persoas (-1,9%).

Poboación activa 3º trimestre 2022. Variación interanual



Fonte: IGE

Entradas e saídas da actividade

A Enquisa de fluxos da poboación activa reflicte que no terceiro trimestre de 2022 pasaron a formar parte da poboación activa en Galicia un total de 59.100 persoas fronte a 49.800 que saíron da mesma nese trimestre. Deste xeito, o mercado laboral galego presenta un saldo positivo entre entradas e saídas da actividade (entras máis persoas das que abandona a actividade). No mesmo trimestre do ano anterior, pasaron a formar parte da actividade un total de 67.900 persoas e saíron 50.000 persoas.

Das 58.300 persoas que entran na actividade e que no trimestre anterior formaban parte da poboación inactiva, 32.400 o fan cara o desemprego e 25.900 comezan a traballar (poboación ocupada). Por contra, no que ao fluxo de saída da actividade se refire, 26.800 persoas que no segundo trimestre de 2022 estaban parados saen da actividade (100 persoas menos que no ano anterior) e 23..000 ocupados pasan a formar parte da poboación inactiva (100 persoas menos).

Fuxo da poboación activa (persoas que entran e saen da actividade) no 3º trimestre 2019-2022.



	3º trim	TVA	
	(número)	(número)	(%)
2019	28.700	3.400	13,4%
2020	40.000	11.300	39,4%
2021	37.500	- 2.500	-6,3%
2022	25.900	- 11.600	-30,9%

	3º trim	TVA	
	(número)	(número)	(%)
2019	27.900	4.100	17,2%
2020	31.600	3.700	13,3%
2021	23.100	- 8.500	-26,9%
2022	23.000	- 100	-0,4%

	3º trim	TVA	
	(número)	(número)	(%)
2019	34.000	- 2.300	-6,3%
2020	54.700	20.700	60,9%
2021	30.400	- 24.300	-44,4%
2022	32.400	2.000	6,6%

	2º trim	TVA	
	(número)	(número)	(%)
2019	26.100	- 11.000	-29,6%
2020	29.600	3.500	13,4%
2021	26.900	- 2.700	-9,1%
2022	26.800	- 100	-0,4%

Fonte: IGE, Estatística de fluxos da poboación activa

Ocupación

A ralentización no ritmo de crecemento interanual da economía galega no terceiro trimestre do ano (2,5% cando superaba o 5% nos dous trimestres anteriores) ten a súa translación ao mercado de traballo atendendo á evolución das grandes cifras do nivel de ocupación. Asemade cómpre mencionar que por quinto trimestre consecutivo os tres indicadores da ocupación considerados -poboación ocupada, afiliacións á Seguridade Social e número de postos de traballo equivalente a tempo completo- presentan unha medra interanual menos intensa que o PIB.

No concernente ao número medio de afiliacións en alta laboral ao Sistema da Seguridade Social en Galicia, o terceiro trimestre reflicte unha medra interanual do 1,4% (2,6% no ano anterior), acadando as 1.045.108 afiliacións, o que supón 14.229 máis que no terceiro trimestre de 2021. España presenta un

Evolución trimestral da ocupación en Galicia 2019-22.
Taxas de variación interanual



Fonte: IGE

maior dinamismo ao medrar un 3,5% respecto ao ano anterior, superando o número medio de afiliacións os 20 millóns.

Atendendo á súa evolución ao longo de todo o ano 2022, cómpre mencionar a desaceleración experimentada dende o mes de marzo, cando a medra interanual era do 3,7%, ata outubro, cun incremento do 0,9%. En termos absolutos, o mes de setembro termina con 1.038.540 afiliacións, o que supón 12.656 máis das rexistrada no mesmo período do ano anterior, descendendo as afiliacións ata as 1.032.624 persoas no mes de decembro, o que supón 10.717 máis que no ano anterior.

